

## Para o alumnado da ESO



### Memorias dun neno labrego (Novela gráfica)

Xosé Neira Vilas / Iria Aldegunde. Galaxia. 2024

Iria Aldegunde, con mestría e sensibilidade, pon en imaxes o mundo que Balbino contempla ao seu redor cos ollos moi abertos e que adocece por entender, pois, como el afirma, vimos ao mundo cunha alforxa de preguntas.

### Historia del Arte en cómic. Volumen 4. Arte Barroco

Pedro Cifuentes. Desperta Ferro. 2023



O Profe e os axentes da historieta atrevéñense con xenios da pintura como Velázquez, Rubens, Rembrandt, a inxustamente esquecida Artemisia Gentileschi ou o perigoso Caravaggio, mais tamén con titáns da escultura como Bernini.



### Furia

María Reimóndez. Xerais. 2023

Unha reflexión sobre os afectos e o valor verdadeiro, un canto de amor ao boxeo e unha constatación da importancia de termos sempre alguén na nosa esquina que nos guíe á hora de evitar os golpes eludibles e nos acompañe para encaixar os inevitables.

### Setestrello

Manuel Esteban. Xerais. 2023



Xano está a piques de facer doce anos e sente que non encaixa en ningures. Que o seu reloxo interior xira en sentido oposto ao do resto da xente. A súa avoa Asteria deixoulle, antes de morrer, un misterioso agasallo de aniversario que o levará ata o centro mesmo da Vía Láctea.

## Para alumnado de Bacharelato

### Manual para mujeres de la limpieza

Lucía Berlín. Alfaguara. 2016



Relatos curtos da vida dunha estadounidense que desmitifican a idea do soño americano.



### As Neves

Sonia Méndez. Película. 2024

As Neves é unha vila galega de montaña onde todos se coñecen. A noite de Entroido un grupo de adolescentes celebran unha festa e dróganse con cogomelos por primeira vez.

### Promesas cautivas. Crónicas de Hiraia 2

Alba Zamora. Molino, 2024.



Rhawsin, o cárcero do que ninguén sae vivo, é o novo fogar de Alessa. O seu único refuxio son os soños, nas que se repiten as palabras "Que a maxia de Dybria nos acompañe". Mais o seu destino está ligado ao de Derek.



### A noite das cebolas

Rosa Aneiros. Xerais Narrativa. 2024.

Unha novela sobre a beleza, a fragilidade, a observación da natureza, os coidados, a memoria tramposa, a culpa e a íntima alegría de sentirse viva no medio dunha noite negra.

### Presas fáciles

Miguelanxo Prado. Norma editorial. 2024



Los inspectores Olga Tabares y Carlos Sotillo investigan dos casos de difícil resolución. Una cadena de asesinatos y la muerte de una menor.

REDE DE BIBLIOTECAS  
ESCOLARES  
DOSCENTROS PÚBLICOS DE AMES




GUÍA DE VERÁN 2024

[www.biblioceipamaia.blogspot.com](http://www.biblioceipamaia.blogspot.com)  
[www.coapalabranaboca.blogspot.com.es/](http://www.coapalabranaboca.blogspot.com.es/)  
[www.agrobiblio.blogspot.com.es](http://www.agrobiblio.blogspot.com.es)  
[www.bibliocarlosnieto.blogspot.com.es/](http://www.bibliocarlosnieto.blogspot.com.es/)  
[www.iesmilladoirobiblioteca.blogspot.com.es/](http://www.iesmilladoirobiblioteca.blogspot.com.es/)  
<http://www.bibliobarouta.blogspot.com>  
[axaneladeventin.blogspot.com](http://axaneladeventin.blogspot.com)  
[eei.covas@edu.xunta.es](mailto:eei.covas@edu.xunta.es)  
[eei.igreja.ames@edu.xunta.es](mailto:eei.igreja.ames@edu.xunta.es)

Máis guías en:  
[www.edu.xunta.es/biblioteca/blog](http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog)

## Primeiros lectores



### E que vai ser?

Adelaida Vidal Vizcaya. Bahía Edicións. 2023

Unha bebé escoia desde o inicio da súa xestación como a nai ten que responder da forma máis sorprendente a familiares e amizades


as preguntas que lle fan sobre que vai ser ela unha vez que naza. Tanto importa?

### Osa

Lucía Cobo- José Ramón Alonso. Ed. Kalandraka. 2024

O ciclo da vida e o da natureza fúndense nun tenro relato poético. Osa está soa e coa chegada do inverno busca un lugar para durmir.

Unha mañá, a luz inunda o seu agocho, a súa tripa axítase e non é de fame...



### El gran libro de nuestros mares

Blanca Millán. Ed doCumio. 2024

Sabías que máis do 70% da superficie terrestre está cuberta de auga salgada? Este dato pon en valor a importancia dos mares e océanos nas nosas vidas,

así como na de milleiros de especies animais e vexetais que fan deste inmenso hábitat o seu fogar.

### Empacho de amor.

Anna Rayo. Serres. 2024

O do amor romántico é so un conto? Que te queiran menos pero que te quiran ben.



## De 7 a 9 anos

### Las lecciones del profesor Tarambana.

#### Lección 1: modales

Elis Gravel / Iris. Juventud Cómics, 2021.

Estás a piques de recibir a primeira lección para te graduares en Todoloxía. O profesor Tarambana e o seu asistente Número 13 dispóñense a ensinarche BOS MODAIS.



### Los cazamisterios: El caso del volcán explosivo.

Patricia García-Rojo. Alfaguara, 2024

Resolve os casos máis divertidos cos irmáns Misterio! Cando os seus pais non están, sempre lles pasan cousas raras a Ulises, Nora e Bruno Misterio. Por sorte teñen a Bobo, un can que fala e ao que, cando atopa unha pista, lle pita o nariz!



### Animalgama

Ramón Sánchez / Lucía Barrios.

Antela editorial, 2023.

Este fantástico álbum ilustrado é o resultado de combinar os textos poéticos de Ramón Sánchez coas maravillosas ilustracións de Lucía Barrios, cheas de imaxinación.



### Curriño, o can influencer

Ledicia Costas / Mili Koev. Xerais, 2024

Curriño é o can máis famoso de Internet! Seguro que ti xa o segues en todas as súas redes. Vive a corpo de rei, faltaría máis! Dorme na cama da súa humana, aliméntano con penso de importación e acícalano tres veces por semana. Mais está a piques de descubrir que a vida fóra da súa mansión é moito máis dura...



## De 9 a 12 anos

### Irene, a porteira

Xulia Pisón-Oscar Losada. Ed. UDC, 2023.

Rescata a historia de Irene González Basanta, unha coruñesa única no mundo que xogou ao fútbol na década dos vinte do século pasado.



### Los mapas del agua

Ricardo Gómez-Laiá Pàmols. Ed. Anaya, 2024.



Historia de superación e de amor fraternal. A protagonista é unha nena que asume a responsabilidade de ser a N'Wone da súa comunidade e buscar a auga que asegure a subsistencia do seu pobo.

### La ogresa y el dragón

Kelly Barnhill. Ed. Destino Infantil&Juvenil, 2024.

Só a ogresa sabe ver os temibles que son os problemas da cidade. Pero, cómo podes explicarlles a verdade ás persoas que se negan a escoitar?



### O día que choveron gatos

Eva Mejuto-Susana Suniaga. Ed. Xerais, 2023.



Catarina acaba de mudarse dende a gran cidade a unha pequena, gris e aburrida vila. O propietario da vivenda onde se instala é un personaxe desprezable que pretende acabar cos gatos da rúa.